

En Compostela con Arthur Terry*

Armando Requeijo

*N*a cálida tarde do verán santiagués o profesor Terry deluva as verbas unha a unha, melancólico como todo inglés que se precie. O sol do mes da sega apreta e o profesor—grande melómano que confesa admirar a Bach, a Mozart e a Debussy—envólvenos nas reviravoltas do fume da súa cachimba. En Compostela, sempre en Compostela, aprendimos das súas palabras.

-Profesor Terry ¿como e cando empezou vostede a interesarse polas letras hispánicas?

Pois realmente na escola; pero como hispanista serio no ano cincuenta. Naquel ano fun a Barcelona cunha especie de bolsa oficial. Fun alí para estudar o catalán e facer investigacións sobre o tema catalán...e ó ano seguinte empecei a miña carreira. Tiña un posto na Universidade de Belfast no departamento de Español...e teño ensinado literatura española durante corenta anos.

-Dedicou parte dos seus esforzos como crítico literario á poesía catalana contemporánea: ¿en que estado de saúde ve a esta nos nosos días? Refírome a autores como Gimferrer, etc, dos que vostede chegou a facer antoloxías.

A poesía catalana esta a pasar por unha boa etapa actualmente. Hai xente maior, como vostede di, Gimferrer, poetas máis novos...pero o gran fenómeno destes últimos anos foi a case mitificación de Joan Brossa.

(*) Esta conversa tivo lugar en Santiago de Compostela no Hostal dos Reis Católicos a segunda semana do mes de xullo de 1993 durante a celebración do *Encontro Internacional «Jose Angel Valente»* (ó que o profesor Terry asistiu como conferenciante invitado) que, baixo a dirección do profesor Claudio Rodríguez Fer e dentro do programa dos cursos de verán da Universidade de Santiago, se celebrou nesta cidade na Facultade de Xeografía e Historia.

O profesor Arthur Terry naceu en York, Inglaterra, en 1927. Profesor de literatura española durante máis de corenta anos formou parte primeiro do Departamento de Linguas e Literaturas Hispánicas da Queen's University of Belfast (1950-1972) e actualmente é titular da Cátedra de Literatura na Universidade de Essex.

Entre os seus libros máis importantes cóntanse obras como *La poesía de Joan Maragall*, *Antonio Machado: Campos de Castilla*, o estudio introductorio e edición de *Mirall, espai, aparicións*—compilación da obra poética en lingua catalana ata 1981 de Pere Gimferrer—, dous volumes de ensaios sobre a poesía catalana contemporánea publicados en 1985 e 1991, etc. De próxima aparición *Poesía española del siglo XVII: el poder del artificio* é a súa última produción.

Ten máis de setenta anos agora e comezou a escribir fai cincuenta anos pero só ultimamente se recoñeceu o seu labor. E o gran poeta visual pero soamente nas últimas décadas se lle concedeu o mérito que merece.

-Na súa dilatada obra como crítico hispanista estudiou desde a poesía española do XVII ata autores contemporáneos como Antonio Machado ou o último Valente ¿cre que a poesía española deste século que remata pasará á Historia como unha segunda «Idade de Ouro»?

Si, sobre todo a xeración do vinteseite, iso si. Foi unha gran época da poesía española. Agora non sei; hai catro ou cinco poetas realmente distinguidos que xa é abondo para unha xeración.

-En conxunto, xa que logo, o século deu grandes poetas e esta foi unha tendencia continuada e como tal pasará á Historia segundo vostede ¿non é?

Si. Non sei realmente; iso pasa en todo o mundo. Non sei se estamos nunha época de grandes poetas, de grandes escritores noutros campos. Hai moitos escritores moi bos; non vexo ningún que sexa realmente «grande».

-Daquela, para vostede hai bos poetas pero non grandes xenios poéticos. ¿Non hai escritores da talla de Góngora ou Quevedo? ¿Son, talvez, irrepitibles segundo vostede?

Non. Son escritores totalmente excepcionais. Moito de todo isto depende da época, do fondo histórico. Claro, Góngora e Quevedo estiveron máis cerca das orixes da lingua poética, había máis que inventar nos seus tempos.

-No contexto europeo en xeral e peninsular en particular ¿que autores ou que obras literarias galaicas teñen para vostede un maior interese dende a súa perspectiva e o seu coñecemento da materia como hispanista inglés?

Non é para min un mundo totalmente descoñecido. Coñezo algúns autores que escriben en castelán como Torrente Ballester que é para min un gran novelista.

-Como hispanista estranxeiro ¿cal sería para vostede o grao de coñecemento e de re-coñecemento dentro do mundo de fala anglosaxona das producións literarias hispanas?

Non é un mundo totalmente descoñecido. Vostede xa sabe, Inglaterra é un país bastante insular. Iso vese na súa tradición poética e realmente hai pouca xente que lea poesía en tradución. En cambio, varios poetas hispanoamericanos e españois tiveron certo éxito. Publicáronse moitas versións de Neruda, Vallejo, de García Lorca e de Jorge Guillén, pero dos novos non tanto.

-¿Cre vostede que as correntes poéticas ibéricas discorren por vieiros paralelos ós das europeas e americanas actuais ou polo contrario representan unha singularidade, unha «illa» literario-poética?

Eu creo que hai unha mestura de todo. Hai certos poetas que están influenciados pola poesía norteamericana e europea. Valente, por exemplo, deixouse influír por certos poetas europeos: Paul Celan –poeta alemán–, Cavafis –poeta grego–... Eu atópoa unha poesía moi aberta e ó mesmo tempo bastante independente.

-No seu labor como docente universitario na Queen's University de Belfast primeiro e máis tarde na Universidade de Essex onde hoxe é profesor ¿puido observar un desenvolvemento positivo, negativo ou talvez un estancamento no referente á importancia concedida nos planos de estudos ás literaturas ibéricas?

Eu creo que os estudos hispánicos se desenvolveron moito. Cando fun a Belfast por primeira vez non había ningunha cátedra de literatura hispanoamericana; hoxe en Essex, por exemplo, temos un gran centro de estudos hispanoamericanos e...cando comparo as revistas académicas de fai corenta anos coas de hoxe en día noto unha diferenza tremenda, unha diferenza de seriedade.

Houbo grandes desenvolvementos no estudio da lingua tamén porque en épocas pasadas a única oportunidade de estudar hispánicas que tiñamos era a de entrar nun departamento de español onde facían unha combinación de lingua e literatura. Actualmente en Essex, por exemplo, temos un departamento de literatura e outro departamento de lingua e lingüística onde un pode entrar e soamente estudar a lingua.

-Como estudioso e gran coñecedor da nosa tradición poética ¿a que autores ou obras non dedicou aínda a súa atención e desexaría facelo no futuro?

Pois, agora estou a piques de publicar un libro bastante extenso sobre a poesía do século XVII. Nestes dous últimos anos estiven dedicándome... quería escribir un libro que tería como título algo así como *La idea del lenguaje en la poesía moderna española* e iso abranguería unha serie de poetas máis ou menos contemporáneos (–outro poeta que me interesa moitísimo é Andrés Sánchez Robayna–). Se podo este libro terá capítulos sobre Sánchez Robayna, sobre Jaime Cides, sobre Guillermo Carnero...

-E dicir, tódolos novísimos.

Si, si pero creo que *novísimos* é un título pouco afortunado. O pobre Pere Gimferrer debe ter agora máis ou menos cincuenta anos e é un *novísimo*.

-¿Apostaría vostede por poetas como Valente –en lingua castelá– ou Pere Gimferrer –en catalán– como futuros clásicos das súas respectivas literaturas ibéricas?

Si, si, si. Si, estou convencido disto, estou case seguro.

-E para rematar: durante a súa estancia entre nós, aquí en Santiago ¿tivo oportunidade de descubrir algún autor, obra ou calquera traballo literario para vostede descoñecidos que subscitaran a súa atención?

Realmente, non. Non tiven moito tempo para ler.

-Pois, moitas gracias por ternos atendido e polas súas amables e interesantes verbas.

Gracias a vostede.